

## Decreto da Alcaldía-Presidencia

**Expediente decreto: 2026/G003/000420**

Tramitado polo Concello expediente de baixa de oficio segundo o establecido no artigo 71.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, de aprobación do regulamento de poboación e demarcación territorial, e vista a Resolución de data 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do INE e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local (BOE núm. 122 do 02/05/2020). Achegado o expediente á Sección Provincial de A Coruña do Consello de Empadramento, aos efectos de informe.

Recibido o informe favorable, de data 30/04/2026, da Sección Provincial da Coruña do Consello de Empadramento (dos acordos adoptados na sesión do día 29/04/2026), entrada neste concello o día 04/05/2026 (registro de entrada núm. 202690000000538), que se achega ó expediente.

Ó abeiro das atribucións conferidas no art. 54.1 do Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo, e o artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

### Resolvo:

**Primeiro.-** Aprobar as seguintes baixas de oficio no padrón de habitantes por inscrición indebida:

NOME E APELIDOS	DOCUMENTO IDENTIDADE	NÚM. EXPEDIENTE
Alejandro de la Fuente Simes	***6085**	2025/H003/000383

**Segundo.** - Notificar a presente resolución ás persoas interesadas.

**Terceiro.** - Publicar o presente decreto no taboleiro de edictos do Concello.

**Cuarto.** - Dar conta ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

O alcalde

Juan Manuel Rodríguez García

Ante mín, a Secretaria accidental  
María Julia Loureiro Pereiro